

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	VERÍN
Edificio	Igrexa e convento da Mercé de Verín
Dirección	Rúa da Mercé, 16. Verín. 32600
	41.941067 -7.436570
Protección	
Descrición	En 1557 trasladouse esta comunidade de mercedarios dende o castelo de Monterrei, fundada alí en 1486. Entre outros, aquí estivo Garcilaso de la Vega varios anos. No seu interior ten un claustro barroco do século XVIII pequeno e moi interesante. Un segundo claustro, máis moderno, é un campo deportivo para a escola que alí se asenta, antiguamente concello, e aínda antes cárcere. A igrexa ten bastante altura e ten unha cuberta a dúas augas, catro no presbiterio, feito con crucería no interior, todo sobre muros de boa sillería, moita reaproveitada da vella construción do castelo. A fachada ten unha grande porta de arco de medio punto, enmarcada por dúas pilastras estriadas e adornadas por labras da orde da Mercé. Máis arriba ábrese unha gran fiestra alintelada e remata a fachada unha pequena espadana cun gran pináculo. Na parte dereita ten unha torre de estilo obradoiro, de tres corpos; o primeiro case cego salvo unha tronera, o segundo con catro ocos para o campanario e un balcón abalaustrado sobre pequenos canzorros, e o terceiro, redondo e rematado nunha falsa cúpula e unha cruz de ferro con veleta.
Campás	3 campás.
Fotos	1
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	HOMEDAPEDRA LOZANO RÚA, José Luís & TROIANO CARRIL, Xosé / CAMPÁS E RELOXOS MONUMENTAIS DE GALICIA (FACEBOOK)
Data	18-03-2026

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Torre-campanario	Menor	RUIZ	1900	61	131
Torre-campanario	Mediana.	COMPañÍA DE ASTURIAS	1900	64.5	155

Torre- campanario	SAN IGNACIO DE LOYOLA	CABRILLO MAYOR, JOSÉ	1925	89	408
----------------------	---	--	------	----	-----

Información completa: [Igrexa e convento da Mercé de Verín - VERÍN \(GALICIA\)](#)

PDF (15-07-2026)